

PAPAVENTOS

2018

Nº29



A EDITORIAL

Un ano máis sae a luz tras moito traballo e esforzo, pero con moita ilusión un novo exemplar da nosa revista anual PAPAVENTOS. Dende aquí queremos agradecer a colaboración de tódolos mestres/as, nenos/as que a fixeron posible. Desexamos que gocedes coa súa lectura.

Do mesmo xeito que o curso pasado este curso tamén levamos a cabo o proxecto RED EDUCA (durante os venres cos nenos e nenas de 5º e 6º de educación infantil e 1º e 2º de primaria participando dun xeito integrador, innovador e creativo nos talleres de ciencia, danza, construción e robótica). Destacamos o traballo e a colaboración das familias e de todo o profesorado neste proxecto unha vez máis e dos alumnos/as de 5º pola súa colaboración na organización.

Neste curso comezaron a funcionar outros proxectos que tamén convén resaltar polo motivadores que están resultando para os nosos alumnos e pola implicación de toda a comunidade educativa así como a colaboración da Universidade da Coruña. Proxecto dos patios dinámicos e os limpamundos onde se pretende concienciar a poboación a través das novas xeracións da importancia de coidar o noso planeta comezando polo noso propio entorno.

Tamén queremos agradecer ao Concello de Oleiros a súa implicación na tarefa educativa e a súa colaboración activa nos distintos proxectos e a oferta variada de actividades culturais e extraescolares das que disfrutamos ao longo do curso. Extendemos o noso agradecemento as Bibliotecas e ao EDL de Oleiros polo seu fomento da lectura e da nosa lingua.

Damos as grazas a ANPA Bidueiro pola súa colaboración ao longo do curso e a todas aquelas familias e colaboradores que fixeron posible unha vez máis a celebración da VII Romaría do Isidro Parga Pondal.

De novo despedimos a un grupo de alumnos/as aos que desexamos boa sorte na súa nova etapa no instituto. Do mesmo xeito damos a benvinda a uns pequerrechos que comezan a súa etapa escolar cheos de ilusión, nervios, alegría, ganas de xogar e aprender.

Sorte tamén a todos aqueles mestres/as que o vindeiro curso desempeñarán a súa labor educativa noutro destino, pero coa mesma ilusión.

Un agradecemento especial a mestra de educación musical, Nieves, que desempeñou a súa labor durante tantos anos no noso cole, pola súa implicación e esforzo na educación dos nosos alumnos/as; polo seu compañerismo e colaboración. Desexámoslle que disfrute coas mesmas ganas que puxo sempre no seu traballo, desta nova etapa da súa vida e recordarlle que segue tendo as portas abertas do cole e dos nosos corazóns. BO VERÁN A TODOS.



SAMAÍN E MAGOSTO









VEN ONDA NÓS O OUTONO
DACABALO DO AIRE;
NOS CAMIÑOS DA FRAGA
OS OURIZOS XA ABREN.
SÍNTOO CHEGAR CONTENTO
DA ETERNA VIAXE
ENREDANDO ENTRE AS FOLLAS,
ESTREANDO FRIAXE.

ANA M^a FERNÁNDEZ. "Ondas de verde e azul". Xerais



NADAL





Panxoliña do Nadal

I

Hai un vento cheo de frío
apousado nos camiños.

E no ar un asubío
todo cheo de aloumiños.
pero un vento milagreiro
nascera pol-o Nadal.

Brilará coma un luceiro
pra alomear o portal.

II

Xa nas ponlas dun carballo
nasceu un vento ventíño;
ten doces versos de orballo
e azas de paxariño.

Ten azas de paxariño
e craridades de día,
que llas deu Jesús Neniño
e Santa Virxe María.

Manuel María

Lugo, Nadal, 1951



DÍA DA PAZ



Traballo realizado polos alumnos de 1ºB



ENTROIDO







LETRAS GALEGAS 2018



CEIP. PLURILINGÜE ISIDRO PARGA PONDAL



BIOGRAFÍA DE MARÍA VICTORIA MORENO MÁRQUEZ

María Victoria Moreno naceu na vila cacereña de Valencia de Alcántara o 1 de maio de 1936. Filla de Vicente Moreno Moreno e de Sara Márquez Bueno. Tiña outros tres irmáns, Sara, Antonio e Rafael. No ano 1.949 a nai reincorpórase ao seu traballo como mestra en Sepúlveda, onde se traslada cos seus fillos, ese mesmo ano morre o pai.

Unha vez rematado o bacharelato, no ano 1959, M.^a Victoria comezou os estudos de Filoloxía Románica na Universidade Complutense de Madrid. Nesta universidade coñeceu ao seu primeiro marido, o valenciano José Luis Llácer, co que casaría no verán de 1.963.

Dende Madrid chegan a Galicia, xa que o seu marido foi destinado ao colexio Santiago Apóstolo de Pontevedra, colexio dependente da ONCE, e M.^a Victoria foi contratada como profesora de instituto. En Pontevedra, aproba as oposicións e é destinada como profesora de Lingua e Literatura española ao instituto masculino de Lugo, nesta época comeza a coñecer a Literatura galega e a nosa cultura. Dous anos máis tarde, volta a Pontevedra, ao instituto feminino, o que logo sería o CEI “Valle Inclán”, no que estaría hasta o ano 1.986. Nesta época adquire un compromiso firme co noso idioma, en 1.972 comeza a impartir cursos de galego para adultos en diferentes vilas galegas, como consecuencia deste activismo convértese en sospeitosa de ser antifranquista e a Comisaría de Policía de Pontevedra retíralle, en 1.974, o pasaporte como represalia por dar un curso de galego no Ateneo de Ourense.

No ano 1973 abre en Pontevedra xunto con outros compañeiros a librería “Xuntanza” Neste mesmo ano ela e o seu marido adoptan a Begoña e Carlos Alberto, dous irmáns.

Son anos dunha grande actividade literaria: Publica “Mar adiante”, gaña o primeiro premio de contos infantís O Facho, coa obra “O Cataventos”, que se publica posteriormente, e ao que siguen outras publicacións como “Leonardo e os fontaneiros”, “A festa no faiado”. Pero pode que o seu libro máis fundamental e importante sexa “Anagnórise”, publicado pola editorial Galaxia no ano 1.988, o mesmo ano no que o director de Galaxia, que daquela era Carlos Casares noméaa co-responsable da colección Árbore, adicada a publicación de libros dirixidos ao público infantil e xuvenil.

No ano 1.990 volta a Pontevedra, despois de estar destinada en Sanxenxo como catedrática. Non para de publicar: “Verso e prosa”, “As linguas de España”, “Querida avoa”, “Pan con chocolate”, “O libro das saudades e os degoiros”, “Un cachiño de bica”, “E haberá tiron de orellas?”, “Guedellas de seda e liño”... Pero nesta época tamén hai momentos duros, o seu marido falece en 1.996 e pouco despois a ela diagnósticaselle un cancro de mama.

En 2.002, xubilase como catedrática do IES “Torrente Ballester” ao que doa a súa biblioteca. Casa en segundas nupcias, con Pedro Ferriol, un cubano con raíces gallegas, capitán da mariña mercante, que dende Cuba descubrira a súa literatura.

O 22 de novembro de 2.005, o mesmo ano da publicación de “Eu conto, ti cantas”, faleceu no Hospital Provincial de Pontevedra.



“Por isto penso que a situación do galego non se pode ver con indiferenza. Se estou coa xente que amasa o meu pan e mais colle no mar os peixes da miña mesa, tamén quero falar con eles, falar a súa fala.”

María Victoria Moreno



TALLERES DÍA DAS LETRAS GALEGAS

















PAPAVENTOS

XUÑO 2018



CEIP. PLURILINGÜE ISIDRO PARGA PONDAL



MOSTRA DALGUNHAS ACTIVIDADES DO ALUMNADO

4º DE EDUCACIÓN INFANTIL

E SE FACEMOS UNHA OBRA DE ARTE CON FLORES?

Unha das formas máis potentes de traballar a arte e desenvolver o pensamento creativo en infantil é a través do land-art creando coa e na natureza. Por iso, os nenos/as de 3 anos participaron nun evento creativo no que elaboraron un mandala con flores que eles mesmos recolleron dos campos coas súas familias.





O traballo inicial consistiu en dividir as follas e as flores por cores, ulindo, tocando e vivenciando as súas calidades. Máis tarde xuntámonos as dúas aulas no patio e por quendas formamos un mandala símbolo de paz e tranquilidade, de unión, de conexión e de amizade.



A verdadeira obra de arte non é a que vedes no chan, foi a de traballar en equipo!



5º DE EDUCACIÓN INFANTIL

Os nenos/as de 5º de Educación Infantil investigamos sobre os dinosauros.

Descubrimos moitos datos sobre a súa alimentación, hábitat, morfoloxía...



Rematamos o proxecto coas hipóteses sobre a súa extinción.






1º DE PRIMARIA: ¡Superamos primeiro, un “doce” curso!



2ºB PRIMARIA, móstramos o seu traballo do día da muller.









OS XOGUETES RECICLADOS DE 4ºB

XOGO CON TAPÓN

Adriana Romero Ansede



TESTO ECOLÓXICO

Remedios Belló Gómez



COLÚMPIO DE FADAS

Sara Martínez Rodríguez



CAIXA FORTE

Sofía Canedo Amor



XOGO CON CANICAS
Catalina Díaz Cancela




FUTBOLÍN
David Rama García



XOGO CON CANICA
Marta Tomé Rodríguez




PALA
Pablo Rodríguez Gagino



PIRÁMIDE DE GRU
Alejandro López Casal



COCHE
Rubén Martín Sampedro







Isidro Parga Pondal naceu en Laxe o 17 de decembro de 1.900. Cando morreu seu pai, coñano seu avó, que era irmán de Eduardo Pondal.

Estudou Ciencias Químicas en Madrid. Posteriormente, obtivo un posto como profesor auxiliar de Química Inorgánica e Analítica na Universidade de Santiago de Compostela.





Fixo investigacións innovadoras sobre Xeoquímica, as cales publicou no Seminario de Estudos Galegos. Colaborou con universidades de Francia, Suíza, Alemaña, Portugal e Países Baixos.


Ao comezo da guerra civil, e como consecuencia das súas ideas galeguistas foi expulsado do seu posto como profesor.





Creou o laboratorio xeolóxico de Laxe,
no que traballou ata o seu retiro.

A finais da década dos 70 morren
a súa muller e un fillo, o cal supón
un gran golpe para Isidro, quen decide
cederlle a laboratorio a Isaac Díaz Pardo.






Foi o principal xeólogo que tivo Galicia, creou a rama de xeoquímica e recibiu importantes distincións.

Presidente Honorario da Real Academia Galega de ciencias

Premio de Investigación da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade Internacional Menéndez Pelayo

Premio de Ciencias da Deputación da Coruña 1912



1983
Doutor honoris causa pola Universidade de Santiago de Compostela.



Faleceu o 4 de maio de 1986 aos 85 anos.



ALGÚNS ALUMNOS FIXERON A ACTIVIDADE PROPOSTA POLA ASOCIACIÓN DE ESCRITORES EN LINGUA GALEGA "ABRIMOS A FIESTA CON ROSALÍA"







4ºA, 1º A , 1º B e 2ºB de primaria
CEIP. PLURILINGÜE ISIDRO PARGA PONDAL



Alborada
 Vaite noite
 veu foendo
 veste curiosa
 veste abrindo
 co teu rostro
 que sorrindo,
 ¡a sombra espanta!
 ¡Canta pasariño, canta
 de poplina en randa que
 os xil levanta polo monte
 verde, polo verde monte alegrando
 as herbas alegrando así forto

Rosalía de Castro

Paralín Castro de Murguía

#AbrideAFiesta



O RECREO, UN DOS MOMENTOS CLAVE PARA O ALUMNADO

Durante este curso escolar 2017-18, continuouse coas propostas para mellorar os recreos que xa se facían en cursos anteriores:

- Alumnado voluntario de 6º dinamizando xogos na zona de Infantil e 1º.
- Alumnado voluntario de 6º facendo o préstamo de xogos na zona de Primaria.
- Xogos de préstamo: xogos de mesa, palas, raquetas, cartas...

Engadíronse ademais de novos xogos, algunha nova proposta:

- Eliminación do fútbol nos patios exteriores, agás os mércores no patio de Infantil. Un día á semana o alumnado de Primaria pode xogar ao fútbol no pavillón cuberto. Como consecuencia temos máis espazo para xogos inclusivos, máis presenza das rapazas ocupando eses espazos centrais, e sen dúbida menos conflitos.
- Alumnado de 6º dinamizando xogos no espazo antes destinado ao fútbol. Solo algúns días tivo éxito a iniciativa. Faremos cambios para o próximo curso, para dar maior visibilidade ao xogo.
- Alumnado e unha profesora da Facultade de Terapia Ocupacional, tres días á semana, durante os meses de Febreiro a Maio incluído, dinamizando xogos inclusivos para todas e todos. Este privilexio, que busca INCLUSIÓN, foi froito dunha colaboración entre Escola e Universidade, que pensamos podía ser fructífero, entre outras das labores que tiveron lugar no centro con ese alumnado e profesora. No mes de xuño un grupo de alumnas trouxeron ao D.O. unha recollida de firmas pedindo que se continúe o próximo curso dinamizando xogos. E así será, durante o segundo e terceiro trimestre o alumnado de Terapia Ocupacional volatrán a ter presenza no noso patio.
- Formación dun Equipo de Mediación de Conflitos entre iguais. Este equipo de nenos e nenas de 5º, comezou a mediar este mes de xuño. A idea é asentar esa práctica os próximos cursos. O próximo curso mediará o alumnado de 6º mentres se forma o de 5º.
- Con respecto á reciclaxe, os patios tamén deron un cambio. Elaboramos un díptico para tal fin, etiquetamos as papeleiras e diferenciamos papel, substancias orgánicas e inorgánicas. A maiores de responsabilizar a cada alumn@ do centro dos seus residuos, houbo unha patrulla de limpeza de entre o alumnado de 2º (LIMPAMUNDOS), que se encargaron de recoller residuos e de controlar as adecuadas prácticas de separación dos compañeiros (avisando, invitando a que recollan e separen).

O próximo curso seguiremos tratando de asentar e mellorar estas propostas que buscan dos nosos patios uns lugares de inclusión, respecto, diversión e amizade. E precisamente para iso temos o proxecto do que vos informamos en maio, cunha charla á que asistiron varias familias, que aportaron propostas e ideas estupendas que farán deste proxecto algo fundamentalmente colaborativo. Neste proxecto toda a comunidade educativa (nenas e nenos, familias, profesorado e profesional de administración e servizos) pode re-pensar os patios do colexio. Nestes momentos atopámonos na fase inicial de planificación e invitación para a participación.



PAPAVENTOS

XUÑO 2018

Dende hai tempo, somos conscientes de que queredes mellorar os patios. Sabemos que existen xa grandes ideas agardando a poñerse en marcha. Por iso, este curso, buscamos crear sinerxias e canalizar todas estas aportacións cun proxecto de colaboración coa Universidade da Coruña (Facultade de Terapia Ocupacional, Ciencias da Saúde).

O proxecto levarase a cabo ao longo do curso académico 2018-2019. Empregaremos a fotografía (unicamente dos espazos físicos, non de persoas) para reflexionar sobre o que nos gusta e o que non nos gusta dos patios, e así poder pensar, entre todas e todos, como melloralos. O alumnado será o primeiro en sacar estas fotos. Tamén se convidará ás familias, ao profesorado e ao persoal de administración e servizos a sacar fotos (de forma voluntaria). Iremos informando de cada paso, e convidando á participación nas distintas actividades, a través de circulares.

Os obxectivos deste curso nos patios:

- Promover a participación de todo o alumnado nos xogos do recreo.
- Conseguir que todo o alumnado se sinta integrado nalgún xogo.
- Mellorar a convivencia nos tempos de lecer.
- Valorar a importancia dun contorno limpo, agradable e bonito.
- Promover hábitos de coidado do contorno e do centro.
- "Entrenar" ao noso alumnado en reciclaxe e separación de residuos.

engadimos:

- Facer propostas para a mellora de aspectos descoidados ou que requiran reparación ou mellora.
- Recoller observacións.

Un saúdo e seguiremos informando!!!

Departamento de Orientación



PARABÉNS

Entréganse os premios do concurso Literario Descubrinto Oleiros ▼




◆ Pablo Rodríguez Gagino, de 4º de primaria do CEIP Isidro Parga Pondal, polo seu relato *A pequena muiñeira de Santa Cruz*; Diego Santiago García, de 6º de primaria do CEIP Luis Seoane por *A sombra da furna pequena*; Mateo Naya Seguí, de 1º de ESO do IES Neira Vilas por *Seixo Branco*; e Celtia Río Santos, de 3º de ESO do IES Miraflares por *No primeiro andar* foron os premiados na cuarta edición do concurso literario Descubrinto Oleiros organizado polo Servizo de Normalización Lingüística municipal. Ademais, fíxose unha mención especial polo texto *Marco e a invasión dos plumachos* a Adriel Barbeito Romano, de 6º de primaria do CEIP Luis Seoane por mostrar ser coñecedor da actualidade do municipio e a Miguel Rodríguez Rico, de 3º de ESO do Colexio Santa María do Mar, por mostrar orixinalidade no argumento en *Paseando por Oleiros*.

**PARABÉNS A PABLO RODRÍGUEZ GAGINO, DE 4º DE PRIMARIA
POLO SEU RELATO “A PEQUENA MUIÑEIRA DE SANTA CRUZ”**




**DÁMOSLLE A BENVIDA AO NOVO ALUMNADO DE
4º DE INFANTIL E AOS DE 1º DE PRIMARIA,
DESEXÁNDOLLES A TODOS MOITA SORTE
NESTA NOVA ANDAINA**






















































**DESPEDÍMONOS DOS ALUMNOS E ALUMNAS DE
SEXTO, CONVENCIDOS DE QUE O SEU PASO
POLO ISIDRO PERMANECERÁ NO SEU RECORDO.
DESEXÁMOSLLES MOITA SORTE E ESPERAMOS
QUE VOLVAN A VISITARNOS, ESTA SEMPRE
SERÁ A SÚA ESCOLA.**



C.E.I.P. Isidro Parga Pondal PROMOCIÓN 2017 / 2018


 VERÓNICA


 SEFI

												
ALMA	MATEO	CANDELA	AARÓN	ZOE	WELLINGTON	FÁTIMA	MARÍA	IRIA	KEVIN	STÉFANO	MIGUEL	
												
ANDREA	LAURA	ALEJANDRA	MARTÍN	LUCAS	AINHOA	LUCÍA	PABLO	JORGE	NICOLÁS	DAVID	LAURA	LAURA
												
ALBA	MARTÍN	LÍA	DANIEL	VALENTINO	ALBA	ALEXANDRA	VÍCTOR	PAULA	MAITE	CELIA	BRUNO	EVA
												
FABIO	SEBASTIÁN	ZOE	JULIA	IRIS	SARA	PABLO	MATEO	IARA	YANIRA	MARTÍN	MANUEL	KEVIN



Equipo de Dinamización Lingua Galega

CEIP Plurilingüe Isidro Parga Pondal

Curso 2017-18

CEIP. PLURILINGÜE ISIDRO PARGA PONDAL